



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ITINERA, DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL.

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.

1.- Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación “ASOCIACIÓN ITINERA”, de voluntarios en saúde mental.

2.- A asociación rexerase polos ditos estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

3.- A asociación Itineraria, de voluntarios en saúde mental pode ser titular de dereitos e obrigas e realizar por si mesma calquera acto de eficacia xurídica. Ten plena capacidade de obrar e personalidade xurídica propia, distinta da dos membros ou promotores, dacordo có artigo 5.2 e 3 da Lei Orgánica 1/2002.

Artigo 2.

O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de SANTIAGO, rúa do Ceo, nº 10 – 1º, teléfono: 981 57 66 05. Nembargantes, e sen prexuízo do anterior, poderá abrir delegacións ou usar outros locais para realizar actividades cando o considere necesario.

Artigo 3.

A asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial de Galicia.

Artigo 4.

1.- A asociación constitúese por un tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.



Artigo 5.

1.- Son fins principais da asociación:

- a.- Captar e vincular voluntarios da comunidade coas persoas con enfermidade mental.
- b.- Contribuir a crear unha comunidade inclusiva, que disminúa as dificultades derivadas da enfermidade, ofrece oportunidades de desenvolvemento persoa e facilite a súa integración social efectiva.
- c.- Sensibilizar á sociedade cara un cambio de actitudes positivas que favorezan a integración e a normalización social das persoas con trastorno mental.
- d.- Fomentar a colaboración con outras asociacións de fins análogos.
- e.- Promover programas de voluntariado culturais, de lecer, deportivos, educativos, de apoio social, laboral e cantos se estimen co fin de cubrir ás necesidades das persoas as que se dirixe a acción desta asociación, particularmente evitar o aillamento social e a marxinación.
- f.- Actuar como punto de referencia e apoio para persoas que padecen unha enfermidade mental, familiares e amigos así como ser un espazo para o intercambio de experiencias e mutua axuda.
- g.- Actuar en defensa dos intereses e dereitos das persoas que padecen trastornos mentais severos.

2.- Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organiza-las seguintes actividades:

- a.- Realización de programas destinados á **captación de voluntarios** en saúde mental.
- b.- Realización de actividades dirixidas a **formación dos voluntarios** que actúen no campo da saúde mental.
- c.- Realización de programas de **integración dos usuarios en actividades dirixidas a poboación xeral** (artísticas, educativas, de ocio, deportivas, etc...)
- d.- Posta en marcha de **programas específicos** para os usuarios (deportivos, educativos, de lecer, artísticos, etc.).
- e.- Realización de programas de apoio social individualizado que favorezan as relacións interpersoais.
- f.- Realización de programas de respiro que alivien a carga que con frecuencia soportan as familias de persoas con trastorno mental severo.
- g.- Reivindicar melloras na atención social e sanitaria das persoas con trastorno mental severo.
- h.- Colaborar con entidades públicas e oficiais na mellora dos servizos destinados as persoas con trastorno mental severo, vixilando que os fins para os que foron creados se cumplan e velando pola calidade de ditos servizos.



- i.- Creación e difusión de publicacións, boletíns informativos, carteis, e demás sobre temas relacionados cos fins da asociación.
- j.-Posta en marcha de actividades dirixidas a inserción laboral das persoas con con trastorno mental severo.
- k Cantas outras se estimen convintes para o logro dos seus fins.

CAPITULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6.

- 1- Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas, que teñan interese en colaborar cos fins da asociación
- 2- Os acordos de admisión de asociados tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito a persoa que deseja ser admitida.

Artigo 7.

Dentro da asociación poderán existir las seguintes clases de asociados

- a) Ordinarios, que terán a plenitude de dereitos e deberes atribuidos os socios polo estatuto.
- b) Honorarios, aquellas persoas que, a xuizo da Asamblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8.

1.-A condición de asociado pérdese:

- a) Por vontade propia. A decisión de abandonar a Asociación comunicarase de forma que quede constancia do seu contido, e producirá efectos desde ese momento, extinguéndose os dereitos e obligas do socio, excepto o de segredo, sen perxucio das obligas que nese momento existirán coa asociación.
- b) Por falta de pagamento da cota anual.
- c) Por separación forzosa. A condición de membro tamén se perderá como consecuencia do acordó de expulsión que poña fin a un procedemento disciplinario tramitado segundo o previsto nestes Estatutos.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de asociados nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 9.

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

